

REGLAMENTO **BTT A RIBEIRA**

Atlántigas Club Deportivo.



ARTIGO 1: DATA

Atlántigas club deportivo organiza a I Ruta Cicloturista BTT A Ribeira, que terá lugar o domingo 14 de setembro de 2025 San Mamede da Ribeira (O páramo).

ARTIGO 2: PERCORRIDOS

A ruta constará de 3 percorridos cun máximo de inscritos de 150 persoas.

- Ruta BTT curta, de 37 km. de lonxitude, e dificultade técnica baixa, pensada para participantes de uso de bicicleta menos frecuente.
- Ruta BTT longa, de 50km. de lonxitude, e dificultade media, para participantes de boa condición física.
- Un circuito de mini BTT.

ARTIGO 3: HORARIO E LUGAR DE SAÍDA

A saída terá lugar ás 9:30 horas para os participantes das rutas curta e longa, a saída terá lugar en A Ribeira.

E as 11:00 dará comezo o Circuito Mini BTT.

ARTIGO 4: PARTICIPACIÓN

Poderán participar na ruta curta e longa todas as persoas maiores de 16 anos, se ben os menores de 18 anos precisarán dunha autorización por parte do pai, da nai ou titor/a. E no mini BTT podrán participar a partir de 3 anos.

ARTIGO 5: ENTREGA DE DORSAIS

A entrega de dorsais terá lugar o sábado 13 de Setembro de 2025 entre as 19:30 e as 21:30 horas, e o domingo 14 de Setembro de 2025 entre as 8:00 e as 9:00 horas no campo da festa de San Mamede da Ribeira.

ARTIGO 6: INSCRICIÓNS, PRAZOS E COTAS

O custo da proba será de 15 euros por participante dende as 00:00 do 31 de Maio ata as 23:59 horas do día 31 de Julio de 2025 e de 20 euros por participante dende as 0:00 horas do día 1 de Agosto de 2025 ata o peche de inscricións.

O prazo de inscrición finalizará o 9 de Setembro de 2025 ás 23:59 horas ou ao acadar un total de 150 participantes. Realizarase na plataforma de inscricións de www.ccnorte.com.

Considerarase efectiva a inscrición unha vez feito o pago na TPV habilitada para tal fin. Non se admitirán pagos en man nin o mesmo día da proba. Tampouco se admitirán inscricións fóra dos prazos marcados baixo ningún concepto. Só serán considerados participantes, aqueles que realizaran a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal será facilitado pola organización.

ARTIGO 7. RESPONSABILIDADE

A organización non se fai responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha.

O percorrido da proba transcorre por camiños rurais e forestais do Concello de O Páramo, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade vial e no Regulamento Xeral de circulación.

Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar o lixo en todo o percorrido a excepción dos colectores situados nos puntos de avituallamento e de inicio e final de ruta.

En todo momento respetaranse e acataranse as ordes e directrices da organización, non superando en ningún momento ao vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de descalificación inmediata.

A Organización contará con servizo de ambulancia a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes (limitado), non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fóra desta cobertura.

A cobertura abrangue dende a hora de saída da ruta ata a chegada á meta dos participantes, ou ó momento en que o participantes abandone a proba coa entrega do dorsal.

A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a neglixencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da proba.

Enténdese que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT.

Cada participante será autosuficiente e responsable do seu material e das avarías que poida ter ao longo do percorrido.

A organización na medida do posible proporcionará axuda cun servizo de reparacións.

En caso de que o participante sufra unha avaría que imposibilite a finalización da proba, este deberá chamar ao teléfono situado na parte posterior do dorsal para a súa recollida.

Os participantes poderán abandonar a ruta en calquera momento, mediante a entrega do dorsal a calquera dos voluntarios que estarán presentes ó longo percorrido e nos puntos de avituallamento.

Estes indicaranlle a mellor forma de volver ó punto de Saída/Chegada/Aparcamento, e, no caso de non poder voltar polos seus propios medios, chamará o teléfono que aparecen nos dorsais para a súa recollida.

Por calquera das situacións reflexadas anteriormente, así como a circulación do participante con dorsal, por fóra de calquera dos percorridos marcados dentro da ruta, supón o remate da cobertura dos Seguros RC e Accidentes.

O participante presta o seu consentimento á Organización para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódalas formas posibles.

Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización expresamente, previa comunicación por escrito dirixida á organización a través do seu mail: bttaribeira@gmail.com

ARTIGO 8: PROTECCIÓN DE DATOS

O responsable de tratamento é Atlántigas Club Deportivo. Os datos de carácter persoal trátanse coa finalidade da organización da I Ruta Btt a Ribeira, xestión das persoas participantes e publicación nos medio de comunicacións institucionais ou sociais.

O participante polo feito de inscribirse autoriza a utilizar as fotografías e videos tomados no transcurso do evento e facer uso de ditas imaxes de xeito respetuoso e responsable, de acordo coa lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e aceptan a publicación tanto do nome como da dúa imaxe nas inscricións, nos medios de comunicación e na internet.

A persoa participante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido á organización a través do seu mail: bttaribeira@gmail.com.

ARTIGO 9: COMIDA

Aqueles participantes que queiran quedar a comer poderán facelo cun custo adicional de 16 euros e traer acompañantes á comida cun custo adicional de 27 euros por acompañante. Para os nenos maiores de 6 anos e menores de 12 anos o coste será de 8 euros e para os menores de 5 anos será gratuita.

As 15:00 dará comezo a comida, que terá lugar nunha carpa ao carón da meta e saída.

O menú será; entremés variado, lacón, churrasco mixto, postre, café e bebida.

ARTIGO 10. INFORMACIÓN PARA O PARTICIPANTE.

- 1.- Servizo de ambulancia.
- 2.- Seguro de responsabilidade civil e de accidentes.
- 3.- Aparcadoiro amplo cerca da saída, no mesmo pobo.
- 4.- Finca ampla para aparcamento de autocaravanas.
- 5.- Espazo e servizo destinado para lavado de bicicletas.
- 6.- Dous puntos de avituallamento (con líquidos e sólidos).
- 7.- As duchas son diseñadas pola organización, rústicas.
- 8.- Os Servizos serán portátiles.
- 9.- Todos os recorridos da proba irán acompañados por ciclistas e motos da organización.
- 10.- O emprego do casco é obrigatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta.
- 11.- Entregaremos un agasallo ao club máis numeroso, ao club que veña de máis lonxe, ao/a participante máis xoven, ao/a participante máis maior e o/a participante máis elegante.

ARTIGO 11:

A Organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba. O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.